

atribucións conferidas polo artigo 17.4º do referido decreto, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicarlle destino, no posto de traballo que se indica, á funcionaria que se relaciona no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual da funcionaria que obtivo a praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión da praza adxudicada será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente a funcionaria preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro en que cause baixa a funcionaria, así como a daquel en que obteña praza, realizarán dentro dos prazos sinalados nos puntos anteriores, as dilixencias de cesamento e toma de posesión, das cales se lle dará traslado á Dirección Xeral da Función Pública.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Apelidos e nome: Cimadevila Cea, M^a Carmen.
Nº rexistro persoal: 7685970824 A0510.
Corpo ou escala: inspectores de Educación.
Grupo: A1.
Posto de traballo: subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.
Código: EDC030000315770001.
Nivel: 30.
Centro directivo: Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
Localidade: Santiago de Compostela.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 17 de novembro de 2009 pola que se corríxen os erros que foron advertidos na Resolución do 28 de outubro de 2009 pola que se convocan probas selectivas para a provisión de prazas de auxiliares de servizos vacantes no cadro de persoal laboral desta universidade.

Advertido un erro no anexo I, procedemento de selección, na epígrafe fase de oposición, segundo exercicio, da Resolución do 28 de outubro de 2009 pola que se convocan probas selectivas para a provisión de prazas de auxiliares de servizos vacantes no cadro de persoal laboral da Universidade da Coruña, esta reitoría, segundo o que dispón o artigo 105.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, rectifica e publica o dito erro do xeito que se indica:

Onde di: «Segundo exercicio: consistirá en contestar un cuestionario de 75 preguntas (máis tres de reserva, que só se corríxirán no caso de anulación dalgunha pregunta), con catro respostas alternativas, das que só unha será correcta. Todas as preguntas terán a mesma puntuación e cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta. A súa valoración será de 0 a 60 puntos e será necesario obter 24 puntos para o superar»; debe de decir: «Segundo exercicio: consistirá en contestar un cuestionario de 75 preguntas (máis tres de reserva, que só se corríxirán no caso de anulación dalgunha pregunta), con catro respostas alternativas, das que só unha será correcta, e das cales 25 corresponderán ao bloque I e o resto ao bloque II, do temario especificado no anexo II. Todas as preguntas terán a mesma puntuación e cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta. A súa valoración será de 0 a 60 puntos e será necesario obter 24 puntos para o superar».

Esta corrección non presupón a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

A Coruña, 17 de novembro de 2009.

José María Barja Pérez
Reitor da Universidade da Coruña

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 22 de decembro de 2009 pola que se procede á corrección de erros das resolucións do 24 de novembro de 2009 polas que se convocan probas selectivas para o ingreso en distintas categorías de persoal laboral de administración e servizos.

Detectado erro nas resolucións rectorais da Universidade de Vigo, do 24 de novembro de 2009,